



[www.oqueleo.com](http://www.oqueleo.com)

Título orixinal: JOACHIM A DES ENNUIS

O Nicolasiño, os personaxes, as aventuras e os elementos característicos do universo do Nicolasiño son unha creación de René Goscinny e Jean-Jacques Sempé. Os dereitos de depósito e de explotación de marcas ligadas ao universo do Nicolasiño quedan reservados a IMAV éditions. Le Petit Nicolas® é unha marca rexistrada verbal e figurativa. Todos os dereitos de reprodución ou de imitación da marca e calquera dos seus logos están prohibidos e reservados.

© 2014, IMAV éditions / Goscinny-Sempé

Première édition en France: 1964

© Da tradución: 2018, Antón Palacio

© Desta edición:

2018, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.  
Entrecercas, 2. 15705 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-17-4

Depósito legal: M-18.172-2018

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: maio de 2018

Dirección da colección:

Ana M.<sup>a</sup> Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:


Xoán L. Bendaña, Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega  
e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

# Os problemas do Nicolasiño

Goscinny-Sempé

oqueleg



## Xoaquín ten problemas



Xoaquín non veu onte ao colexio e hoxe chegou tarde e con cara de estar moi contrariado, e quedamos todos moi sorprendidos. Non nos sorprendeu que Xoaquín chegase tarde e que estivese contrariado, porque chega tarde moitas veces e sempre está contrariado cando chega ao cole, sobre todo cando hai exame escrito de gramática. O que nos sorprendeu é que hoxe a mestra o recibise cun gran sorriso e que lle dixese:

—Ben, parabéns, Xoaquín! Estarás contento, non é?

A nós iso sorprendeunos aínda máis, porque se é certo que a mestra xa estivera simpática antes con Xoaquín (a mestra é unha pándegas e é sim-

pática con calquera), nunca xamais o felicitara. Con todo, a cousa non parece que lle fixese moita graza a Xoaquín, que, coa mesma cara de ferreiro ca antes, se foi sentar no seu asento, a carón de Maxencio. Os demais deramos a volta para miralo, pero a mestra bateu na mesa coa súa regra e díxonos que nada de distraerse, que nos ocupásemos dos nosos asuntos e que copiásemos o que estaba escrito no encerado, e sen facer faltas, por favor.

Despois oín detrás de min a voz de Godofredo:  
—Pasádeo! Xoaquín tivo un irmanciño!

No recreo, todos rodeamos a Xoaquín, que estaba apoiado contra a parede, coas mans nos petos, e preguntámoslle se era verdade que tivera un irmanciño.

—Pois é —díxonos Xoaquín—. Onte pola mañá espertoume o meu pai, que estaba completamente vestido e sen rasurar. Ría, e deume un bico e díxome que, durante a noite, eu tivera un irmanciño. Despois díxome que me vestise axiña e fomos a un hospital, e alí estaba a miña

nai. Estaba deitada, pero parecía tan contenta coma o meu pai, e ao lado da súa cama estaba o meu irmanciño.

—Pois o que é ti —dixen eu— non parece que esteas demasiado ledo!

—E logo por que ía eu estar contento? —dixo Xoaquín—. En primeiro lugar, é feo coma o demo. É pequerrecho, todo rubio e berra todo o tempo; e iso a todo o mundo lle parece graciosísimo. A min, na casa, cando berro só un momento xa me din que cale inmediatamente e, inda por riba, o meu pai dime que son un imbecíl e que que lle estou poñendo a cabeza coma un bombo.

9



—Xa, xa cho sei eu —dixo Rufo—. Eu tamén che teño un irmanciño e sempre hai bulla pola súa culpa. É o chichí da casa e ten dereito a facer o que lle dea a gana, e se lle casco váille-lo contar todo aos meus pais, e despois quedo sen ir ao cine o xoves...

10 —Pois comigo éche ao contrario —dixo Eudes—. Eu teño un irmán máis vello, e o chichí é el. É certo que son eu quen arma bulla, e el despois vai e sacódeme. E inda por riba danlle permiso para quedar ata tarde pola noite para ver a tele, e déixanlle fumar!

—Desde que chegou o meu irmanciño, estounas levando sen parar —dixo Xoaquín.

No hospital, a miña nai quixo que lle dese un bico ao irmanciño; a min, por suposto, non me apetecía nada, pero, aínda con esas, acheguei-me a el e o meu pai púxose a berrar que tivese coidado, que ía envorcar o berce e que non vira na súa vida un zoupón máis grande ca min.

—E eses, cando son así de cativos, que é o que comen? —preguntou Alcestes.



—Despois —dixo Xoaquín—, o meu pai e eu volvemos á casa, e a verdade é que a casa, sen a miña nai, está do máis triste. Sobre todo porque foi o meu pai quen fixo a comida, e cabreouse porque non atopaba o abrelatas, e despois comemos só sardiñas e unha morea de chicharos. E pola mañá, á hora do almorzo, o meu pai púxose a berrarme porque o leite botaba por fóra.

11

—Pois xa verás —dixo Rufo—. Cando o traían á casa, ao principio vai durmir no cuarto dos teus pais, pero despois hanco meter no cuarto teu. E, cada vez que chore, crerán que é porque ti o estiveches amolando.

—Pois, na miña casa —dixo Eudes—, o que dorme no meu cuarto é o meu irmán máis vello, e non é que me importe moito, aínda que, cando eu era moi pequeno, hai ben tempo, o moi pallaso divertíase meténdome medo.

—Ah, non, nin falar! —berrou Xoaquín—. No meu cuarto ese neno non vai durmir, pónñase como se poña! O meu cuarto é meu e, se

quere durmir na casa, xa pode ir buscando outro!

—Bah! —dixo Maxencio—. Se os teus pais din que o teu irmanciño dorme no teu cuarto, durmirá no teu cuarto e morreu o conto.

12 —Non, señor! Non, señor! —berrou Xoaquín—. Que o deiten onde queiran, pero no meu cuarto nin falar! Heime pechar por dentro, e non che estou de broma!

—E iso das sardiñas con chícharos está bo? —preguntou Alcestes.

—Pola tarde —dixo Xoaquín—, o meu pai volveume levar ao hospital, e estaban o meu tío Octavio, a miña tía Edith e a miña tía Lidia, e



todos dicían que o meu irmanciño se parecía a unha chea de xente: ao meu pai, á miña nai, ao tío Octavio, á tía Edith, á tía Lidia e mesmo a min. E despois dixéronme que tiña que estar moi contento e que agora debía portarme moi ben, axudar á miña nai e estudar moito no colexio. E o meu pai dixo que esperaba un grande esforzo pola miña parte porque ata agora era un estudante lacazán, e que tería que me converter nun exemplo para o meu irmanciño.

13

—Ei, rapaces —dixo Godofredo—, xogamos un partido de fútbol antes de que termine o recreo?



—Esa é outra! —dixo Rufo—. Cando queiras ir xogar cos amigos, hanche dicir que quedes na casa para coidar do teu irmanciño, xa verás.

14 —Ai, si! Dilo en serio? Pois váiseche coidar el soíño! —dixo Xoaquín—. Á fin e ao cabo, ninguén lle pediu que viñese. E eu vou ir xogar cando a min me saia do nabo!

—Pois hanche botar unha boa carda —dixo Rufo— e ademais hanche dicir que estás celoso.

—O que? —berrou Xoaquín—. Esa si que che é boa!

E dixo que el non tiña celos en absoluto, que dicir que el non se ocupaba do seu irmanciño era unha gaitada; que o único que pasaba era que non lle gustaba que o amolasen, que viñesen durmir ao seu cuarto e que, inda por riba, non o deixasen ir xogar cos amigos; que a el non lle gustaban os nenos mecosos e que, se o amolaban máis da conta, se iría da casa, ale!; e así serían todos os que se ían amolar, que podían quedar co seu Leoncio e que, cando

el marchase, todos o lamentarían, sobre todo cando os seus pais soubesen que el era capitán dun barco de guerra e gañaba moito diñeiro; que, de todos os xeitos, xa estaba ata os focinhos da súa casa e da escola, que non necesitaba a ninguén e que o que lle daba todo aquilo era moitísima risa.

—Quen é Leoncio? —preguntou Clotario.

—Pois o meu irmanciño, e quen vai ser? —contestou Xoaquín.

—Pois tenche un nome ben raro —dixo Clotario.

Entón Xoaquín abalanzouse sobre Clotario e largoulle unha sarta de sopapos, porque nos advertiu que, se hai unha cousa que non permite, é que se insulte a súa familia.

